

Resolución do 22 de marzo de 2019, da comisión de selección designada para cualificar os procesos selectivos para o ingreso nas listas previas na categoría de Licenciado/a en Dereito convocados/as polas resolucións do Director-Xerente do 11 de xullo de 2018 (DOG 20 de xullo de 2018) do 25 de setembro de 2018 (DOG do 01 de outubro de 2018), pola que se fai pública a relación de candidatos/as que non acreditaron o coñecemento do idioma galego, e se convoca a realización da proba de galego e outros acordos.

En sesión que tivo lugar o día 22 de marzo 2019, a comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas na categoría de Licenciado/a en Dereito, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen os procesos, entre outros, ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar a relación de candidato/as que non acreditaron o coñecemento do idioma galego.

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.1 e bases específicas 1.4.1 que rexen o proceso, acordou aprobar a relación de candidato/as que non acreditaron o coñecemento do idioma galego mediante a presentación de diploma, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística.

Segundo.- Facer pública a listaxe de candidato/as que non acreditaron o coñecemento do idioma galego.

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.1 e bases específicas 1.4.1 que rexen o proceso, acordou facer pública a listaxe de candidato/as que non acreditaron o coñecemento do idioma galego mediante a presentación de diploma, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e que se relacionan como Anexo I adxunto á presente resolución.

Terceiro.- Convocar á realización da proba oral.

De conformidade co disposto nas bases xerais 1.6.1 e bases específicas 1.4.1 das que rexen o proceso, acordou convocar ó/ás candidato/as que se relacionan no Anexo I para a realización da proba oral de galego.

Cuarto.- Data, hora e lugar para a realización da proba e desenvolvemento da mesma.

De conformidade co disposto nas bases específicas 1.4.1 das que rexen o proceso, a proba de galego no proceso de selección para o ingreso nas listas previas na categoría de Licenciado/a en Dereito, realizarase de acordo co disposto a continuación:

A proba realizarase de forma conxunta para as categorías de Enxeñeiro/a Ágronomo/a, Enxeñeiro/a de Montes, Enxeñeiro/a Técnico/a Forestal, Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola, Enxeñeiro/a de Camiños, Canles e Portos, Licenciado/a en Dereito, Biólogo/a, Titulado/a en Ciencias do Mar, Licenciado/a en Económicas e Técnico/a de Laboratorio.

DATA: 27 de marzo de 2019.

HORA: A partires das 16:30 h según se reflicte no Anexo I.

LUGAR: SEAGA (Servizos Agrarios Galego, S.A).

DIRECCIÓN: Vía Marconi, 14 – Pol. Industrial do Tambre, 15890 Santiago de Compostela (A Coruña).

Os chamamentos serán únicos, e a orde de actuación dos/as candidatos/as realizarase por orde alfabética según o disposto no Anexo I desta resolución.

O tempo máximo para a realización da proba será de 15 minutos.

Serán excluídos/as aqueles/as candidatos/as que non comparezan, non sendo os casos debidamente xustificados/as libremente apreciados pola comisión de selección. Neste suposto, os/as candidatos/as disporán ata o día seguinte da realización da proba para achegar ditos xustificantes. Non se admitirá recurso ao respecto das decisións da comisión de selección neste punto. Non obstante, de acordo co disposto no apartado 1.4.1 das bases específicas, non quedarán excluídos/as aquele/as candidato/as que non se presenten a esta proba pero acrediten o coñecemento de galego mediante presentación do correspondente diploma ou certificado no período de presentación de emendas.

A comisión de selección comprobará a identidade dos/as candidatos/as antes do inicio da proba, para o cal os/as candidatos/as deberán acudir provisto/as do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluídos/as igualmente quen non poida acreditar a súa identidade, ao xuízo da comisión de selección.

Non se permitirá no recinto onde se realice a proba o acceso e tenza de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico. Así mesmo, queda prohibido o acceso ó recinto con calquera outro material ou instrumento de que se poida valer o/a candidato/a para auxiliarse na realización do exercicio. Advírtese que non haberá servizo de recollida do referido material, instrumento ou dispositivos.

A comisión de selección contará cun asesor especialista para a súa colaboración na proba de galego, que se limitará a prestar asesoramento na súa especialidade, e terá voz pero non voto.

Quinto.- Criterios de cualificación dos/as candidato/as na proba.

A proba de capacidade da lingua galega pretende diagnosticar o grao de competencia dos/as candidatos/as en función da súa competencia lingüística (comprensión auditiva e expresión oral) e comunicativa para desenvolverse no cumprimento do posto de traballo. Búscase que o/a candidato/a poida interactuar en galego, en situacións que se van dar frecuentemente no desenvolvemento do posto de traballo, que poida expresarse e entenderse clara e detalladamente, e que poida comunicar, de forma adecuada, consellos, opinións, desexos e necesidades.

A proba consistirá nunha conversa sobre diferentes temas na que se valorarán exclusivamente as destrezas lingüísticas do individuo, valorándose conxuntamente tanto a comprensión auditiva (se entende o que se lle di) como a expresión oral (como fala) dun xeito global.

Esta proba valorarase como apta ou non apta, correspondéndolle á comisión de selección determinar o nivel de coñecemento esixido para acadar o resultado de apta.

En Santiago de Compostela a 22 de marzo de 2019.

O presidente da Comisión de selección.



Asdo.- Martín Martínez Abal



CONVOCATORIA PROBA DE GALEGO
(Actualización LP 2018)
ORDE DE CHAMAMENTO

DNI	DATOS PERSOAIS	CATEGORÍAS	HORA
76872893Q	ALVAREZ FERNANDEZ, MARIA JESUS	Lic. CC Mar e Téc. Laboratorio	16:30
72095780A	ARANA BONILLA, ELDA	Biólogo e Téc. Laboratorio	16:30
36048652Q	BARCIELA CASTRO, JESUS	Biólogo	16:30
79324665B	BERMUDEZ VILARIÑO, Mª JOSEFA	Téc. Laboratorio	16:30
44079843K	BERNAL CORTEGOSO, CRISTINA	Lic. Dereito	16:30
47368317R	BOCIJA FUENTES, DIANA MARIA	Lic. Dereito	16:30
53118506Y	CABALLERO BARREIRO, PAZ MARIA	Biólogo	16:30
44656462F	CONDE CID, NOEMI	Biólogo	16:30
71500739H	CUBERO CUBERO, IGNACIO	Enx. Tec. Agrícola	16:30
36163892A	CUETO RIVAS, MARIANA NOELIA	Téc. Laboratorio	16:30
77477188D	DIAZ CARBALLAL, SONIA	Lic. CC Mar	16:30
50709572T	GARCIA GARCIA, ROBERTO JOSE	Enx. Agrónomo	16:30
39451767M	GARRIDO GUITIAN, MARTA INES	Enx. Agrónomo e Enx. Montes	16:30
44841569X	GOLDAR GOMEZ, PEDRO	Lic. Dereito	16:30
34268083S	GONZALEZ ALVAREZ, AIDA	Enx. Tec. Forestal	16:30
36146779W	GONZALEZ FERNANDEZ, ESTELA	Biólogo	16:30
34938569M	GONZALEZ PEREZ, FRANCISCO JAVIER	Lic. Dereito	16:30
44077397J	GUERRA TEIGA, ROSA MARIA	Lic. Dereito	16:30
53160273M	GUTIERREZ BECKER, MONICA	Enx. Tec. Ob. Públic.	16:30
36079862S	LLOVES GOMEZ, ALBERTO	Enx. Tec. Agrícola	16:30
74392526S	LODEIRO ARANDA, MARINA	Biólogo	17:00
53180083N	LOURIDO SOTO, ANTIA MARTA	Lic. CC Mar e Téc. Laboratorio	17:00
35324662C	MARTINEZ LORENZO, SILVIA	Enx. Tec. Forestal	17:00
33552825B	MEILAN BOVEDA, ANA LORENA	Biólogo e Téc. Laboratorio	17:00
78785858W	MENDEZ SILVA, LUCRECIA	Enx. Tec. Agrícola	17:00
71683903X	MENENDEZ ALVAREZ, PELAYO	Biólogo, Lic. CC Mar e Téc. Laboratorio	17:00
33548478B	MOSQUERA LOPEZ, TANIA	Lic. Económicas	17:00
34945710Q	MUNILLA RUMBAO, IGNACIO	Biólogo	17:00
77418386H	OTERO CANABAL, MARCOS	Enx. Tec. Forestal	17:00
77413414Z	POZA PIÑEIRO, JOSE MANUEL	Enx. Tec. Agrícola	17:00
44838537Z	RODRIGUEZ VARELA, MANUEL	Biólogo	17:00
45846968X	SALGADO AMIL, IGNACIO	Lic. CC Mar	17:00
35323225D	SILVA ABILLEIRA, DANIEL	Biólogo	17:00
33558423C	SOUTO ROMERO, NOELIA	Biólogo	17:00
71134059G	TEJERINA SEGUR, RAQUEL	Biólogo	17:00
53921004B	TRAVESSET ESCOBAR, MERITXEL	Biólogo	17:00
53921004B	TRAVESSET ESCOBAR, MERITXELL	Lic. CC Mar	17:00
13771858X	VADILLO MARTIN, JUAN CARLOS	Enx. Tec. Ob. Públic.	17:00
46885541H	VELAZQUEZ PALOMERA, NATALIA	Biólogo	17:00